

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 501** *Real decreto lei 1/2020, do 14 de xaneiro, polo que se establecen a revalorización e o mantemento das pensións e prestacións públicas do sistema da Seguridade Social.*

I

O preámbulo do Real decreto lei 18/2019, do 27 de decembro, polo que se adoptan determinadas medidas en materia tributaria, catastral e de seguridade social, deixaba constancia da intención do Goberno de cumprir co compromiso comunicado á Comisión Europea, dentro do Plan orzamentario 2020 do Reino de España, de garantir o mantemento do poder adquisitivo dos pensionistas a través dunha actualización das pensións do 0,9 por cento desde o 1 de xaneiro de 2020. Porén, ante a limitación de actuacións do Goberno en funcións prevista no artigo 21 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, resultou inevitable pospor a aplicación desta medida até a formación dun novo Goberno que se achase en pleno uso da súa capacidade propositiva e normativa, de conformidade co artigo 22 da citada lei.

Con efectos do 1 de xaneiro de 2020, este real decreto lei establece unha revalorización das pensións e outras prestacións aboadas polo Sistema da seguridade social, na súa modalidade contributiva e non contributiva, así como de clases pasivas do Estado, do 0,9 por cento, ao non ser de aplicación o disposto no artigo 58 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, e no artigo 27 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril. Como complemento a esta previsión, o real decreto lei incorpora un anexo en que se recollen as contías das pensións mínimas, doutras pensións e prestacións públicas, así como os haberes reguladores das pensións de clases pasivas e as contías aplicables ás pensións especiais de guerra para o ano 2020.

Por outro lado, recóllese igualmente a garantía de mantemento do poder adquisitivo das pensións en caso de que a inflación en 2020 sexa superior ao incremento previsto do 0,9 por cento.

II

Este real decreto lei estrutúrase en dous artigos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria e tres disposicións derradeiras.

O artigo primeiro versa sobre a determinación e revalorización das pensións e doutras prestacións públicas, e establece con carácter xeral un incremento do 0,9 por cento cuxos efectos se retrotraen ao 1 de xaneiro de 2020. Igualmente, especificanse aquelas outras pensións públicas que non se ven afectadas por este incremento. Pola súa parte, o artigo segundo consagra unha garantía de mantemento do poder adquisitivo durante o ano 2020 en caso de que o valor medio dos incrementos porcentuais interanuais do IPC dos meses de decembro de 2019 a novembro de 2020 sexa superior ao 0,9 por cento.

A disposición adicional única establece que a revalorización das pensións se realizará de acordo co establecido no artigo 1 do presente real decreto lei, e non será de aplicación o disposto nos artigos 58 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, e 27 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado.

A disposición transitoria retrotrae os efectos económicos das disposicións previstas neste real decreto lei ao 1 de xaneiro de 2020.

As disposicións derradeiras destínanse a establecer o título competencial, habilitación normativa e entrada en vigor, respectivamente.

Por último, o anexo establece as contías das pensións e prestacións públicas e límites de ingresos aplicables en 2020.

III

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional en interpretación do artigo 86 da Constitución (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F.5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F.4, 137/2003, do 3 de xullo, F.3, e 189/2005, do 7 xullo, F.3; 68/2007, F.10, e 137/2011, F.7), o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa solucionar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis.

A actual situación de prórroga orzamentaria, unida á decisión de pospor a revalorización das pensións recollida no Real decreto lei 18/2019, do 27 de decembro, polo que se adoptan determinadas medidas en materia tributaria, catastral e de seguridade social, xustifican a aprobación da presente norma co fin de evitar o prexuízo que para o colectivo de pensionistas suporía, en termos de perda de poder adquisitivo, que a revalorización non fose efectiva até a aprobación da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2020. Concorren, por tanto, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade propias dun real decreto lei de acordo co noso texto constitucional.

IV

Cabe sinalar que neste real decreto lei se dá cumprimento aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, a norma é respectuosa cos principios de necesidade, eficacia e proporcionalidade xa que con ela se consegue o fin perseguido, a revalorización con carácter xeral do 0,9 por cento das pensións e doutras prestacións públicas, e non se trata dunha norma restritiva de dereitos ou que impoña obrigacións aos interesados.

Así mesmo, a iniciativa é coherente co resto do ordenamento xurídico tanto nacional como da Unión Europea, os seus obxectivos encóntranse claramente definidos e non impón novas cargas administrativas, cumprindo así os principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de xaneiro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo 1. Normas sobre determinación e revalorización das pensións e outras prestacións públicas.

1. En canto non se aprobe a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2020, o contido do título IV e das disposicións adicionais concordantes da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, así como das súas disposicións de desenvolvemento, manterá a súa vixencia en 2020, coas modificacións e excepcións que se establecen neste artigo.

2. As pensións aboadas polo Sistema da seguridade social, na súa modalidade contributiva, así como de clases pasivas do Estado, incrementaranse un 0,9 por cento, sen prexuízo das excepcións e especialidades contidas nos números seguintes e respectando os importes de garantía das pensións recoñecidas ao abeiro da lexislación especial de guerra que figuran no número 6.

Tamén se incrementarán, segundo o disposto no parágrafo anterior, os importes dos haberes reguladores aplicables para a determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado e das pensións especiais de guerra.

O límite máximo establecido para a percepción de pensións públicas para 2020 será de 2.683,34 euros mensuais ou 37.566,76 euros anuais.

3. Os importes das pensións mínimas do Sistema da seguridade social e de clases pasivas, das pensións non contributivas e do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez (SOVI) non concorrentes, así como as pensións do SOVI concorrentes con pensións de viuvez dalgún dos réximes do Sistema da seguridade social, das prestacións da seguridade social por fillo a cargo con dezaioito ou máis anos e cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento, e do subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte incrementaranse en 2020 nun 0,9 por cento sobre as contías mínimas de pensión correspondentes ao ano 2019.

As prestacións de orfandade causadas por violencia contra a muller, previstas no terceiro parágrafo do artigo 224.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, e recoñecidas durante o ano 2019, experimentarán en 2020 un incremento igual ao que se aprobe para o salario mínimo interprofesional para o dito ano, e non será de aplicación a revalorización prevista no parágrafo anterior.

4. A contía do límite de ingresos para o recoñecemento de complementos económicos para mínimos e das prestacións familiares da seguridade social por fillo ou menor a cargo e por familia numerosa experimentará un incremento do 0,9 por cento sobre a contía vixente en 2019.

5. O importe das prestacións económicas de grande invalidez do réxime especial da seguridade social das forzas armadas e das recoñecidas ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, pola que se recoñece unha prestación económica aos cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro, durante a súa minoría de idade, como consecuencia da Guerra Civil, e que desenvolveron a maior parte da súa vida fóra do territorio nacional, así como os importes mensuais das axudas sociais recoñecidas en favor das persoas contaminadas polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH), establecidas nos parágrafos b), c) e d) do artigo 2.1 do Real decreto lei 9/1993, do 28 de maio, polo que se conceden axudas aos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH) como consecuencia de actuacións realizadas no sistema sanitario público, incrementaranse nun 0,9 por cento sobre a contía fixada en 2019.

6. As pensións en favor de familiares concedidas ao abeiro da Lei 5/1979, do 18 de setembro, sobre recoñecemento de pensións, asistencia médico-farmacéutica e asistencia social en favor das viúvas e demais familiares dos españois falecidos como consecuencia ou con ocasión da pasada Guerra Civil, e da Lei 35/1980, do 26 de xuño, sobre pensións aos mutilados excombatentes da zona republicana, con excepción das pensións causadas polo persoal non funcionario en favor de orfos non incapacitados, así como da Lei 6/1982, do 29 de marzo, de pensións aos mutilados civís de guerra, e as pensións de viuvez do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, de recoñecemento de dereitos e servizos prestados a aqueles que, durante a guerra civil, formaron parte das Forzas Armadas, Forzas de Orde Pública e Corpo de Carabineiros da República, calquera que sexa a súa data inicial de aboamento, non poderán ser inferiores á contía mínima das pensións de viuvez de maiores de 65 anos no Sistema da seguridade social.

Así mesmo, as pensións en favor de causantes recoñecidas ao abeiro do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, non poderán ser inferiores á contía mínima das pensións de xubilación, con cónxuxe a cargo, de maiores de 65 anos no Sistema da seguridade social, calquera que sexa a súa data inicial de aboamento.

7. As pensións aboadas con cargo aos réximes ou sistemas de previsión enumerados no artigo 42 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1989, non indicadas nos parágrafos anteriores, experimentarán no ano 2020 o incremento que, se for o caso, proceda, segundo a súa normativa reguladora, sobre as contías que percibisen en 31 de decembro de 2019.

8. Quedan exceptuadas do incremento establecido no número 2 as pensións públicas seguintes:

a) As pensións aboadas con cargo a calquera dos réximes ou sistemas de previsión enumerados no artigo 42 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1989, cuxo importe íntegro mensual, sumado, se for o caso, ao importe íntegro mensual das outras pensións públicas percibidas polo seu titular, exceda o límite mensual de percepción das pensións públicas establecido no anexo deste real decreto lei.

O disposto no parágrafo anterior non será aplicable ás pensións extraordinarias do réxime de clases pasivas do Estado e da seguridade social orixinadas por actos terroristas, nin ás pensións recoñecidas ao abeiro do Real decreto lei 6/2006, do 23 de xuño, sobre pensións excepcionais derivadas de atentados terroristas, nin ás pensións recoñecidas en virtude da disposición adicional cuadraxésimo terceira da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

b) As pensións reguladas no título II do Real decreto 851/1992, do 10 de xullo, polo que se regulan determinadas pensións extraordinarias causadas por actos de terrorismo, que se adaptarán aos importes que correspondan conforme a súa lexislación propia.

c) As pensións de clases pasivas recoñecidas a favor dos legoeiros do Estado causadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1985, con excepción daquelas cuxo titular só percíbese esta pensión como tal legoeiro.

d) As pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez, cando entren en concorrencia con outras pensións públicas, excepto cando concorran con pensións de viuvez dalgún dos réximes do Sistema da seguridade social, ou con algunha destas pensións e, ademais, con calquera outra pensión pública de viuvez. Para estes efectos, non se considerarán pensións concorrentes a prestación económica recoñecida ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, nin a pensión percibida polos mutilados útiles ou incapacitados de primeiro grao por causa da pasada Guerra Civil española, calquera que fose a lexislación reguladora, nin o subsidio por axuda de terceira persoa previsto no texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, nin as pensións extraordinarias derivadas de actos de terrorismo.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando a suma de todas as pensións concorrentes e as do citado seguro obrigatorio de vellez e invalidez, unha vez revalorizadas aquelas, sexa inferior á contía fixada en 2020 para a pensión de tal seguro non concorrente, calculadas unhas e outras en cómputo anual, a pensión do seguro obrigatorio de vellez e invalidez revalorizarase nun importe igual á diferenza resultante. Esta diferenza non ten carácter consolidable e será absorbible con calquera incremento que poidan experimentar as percepcións do interesado, xa sexa en concepto de revalorizacións ou por recoñecemento de novas prestacións de carácter periódico.

e) As pensións das mutualidades integradas no fondo especial da mutualidade xeral de funcionarios civís do Estado que, en 31 de decembro de 2020, xa alcanzasen as contías correspondentes ao 31 de decembro de 1973.

f) As pensións das mutualidades, montepíos ou entidades de previsión social referidas no artigo 40.dous da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

9. De acordo co establecido na disposición adicional sexta, número un, do texto refundido da Lei sobre seguridade social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño, as pensións das mutualidades integradas no Fondo Especial da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, cando fosen causadas con posterioridade ao 31 de decembro de 2014, experimentarán o 1 de xaneiro do ano 2020 unha redución, respecto dos importes percibidos en 31 de decembro de 2019, do 20 por cento da diferenza entre a contía correspondente en 31 de decembro de 1978 –ou tratándose do Montepío de Funcionarios da Organización Sindical, en 31 de decembro de 1977– e a que correspondería en 31 de decembro de 1973.

10. Para efectos do disposto neste artigo, as contías das pensións e prestacións públicas e límites de ingresos aplicables en 2020 serán as que figuran no anexo.

Artigo 2. Mantemento do poder adquisitivo das pensións.

1. Os perceptores de pensións do Sistema da seguridade social e de clases pasivas que fosen revalorizadas en 2020 recibirán, antes do 1 de abril de 2021 e nun único pagamento, unha cantidade equivalente á diferenza entre a pensión percibida en 2020 e a que correspondese de ter aplicado ás contías de 2019 un incremento porcentual igual ao valor medio dos incrementos porcentuais interanuais do IPC dos meses de decembro de 2019 a novembro de 2020, sempre que o valor medio resultante sexa superior ao 0,9 por cento.

Para estes efectos, o límite de pensión pública durante o ano 2020 será o equivalente a incrementar a contía do dito límite en 31 de decembro de 2019 na porcentaxe indicada no parágrafo anterior.

O previsto no parágrafo primeiro será igualmente de aplicación aos pensionistas do Sistema da seguridade social e de clases pasivas, con pensións causadas durante 2020, que percibisen a contía correspondente ao límite máximo de percepción das pensións públicas fixado para o citado ano. De igual modo, será de aplicación aos beneficiarios no dito exercicio das axudas sociais polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH) e das recoñecidas ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo.

Así mesmo, serán de aplicación as regras precedentes respecto das pensións de clases pasivas, con data inicial de aboamento durante 2020, para cuxa determinación se tivesen en conta haberes reguladores susceptibles de actualización no mencionado exercicio.

2. Os pensionistas perceptores durante 2020 de pensións mínimas, pensións non contributivas da seguridade social, de pensións do seguro obrigatorio de velez e invalidez (SOVI) non concorrentes, así como concorrentes con pensións de viuvez dalgún dos réximes do Sistema da seguridade social, os perceptores de prestacións da seguridade social por fillo a cargo con 18 ou máis anos de idade e un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por 100 e do subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte, recibirán, nun único pagamento, unha cantidade equivalente á diferenza entre a pensión que perciba en 2020 e a que correspondese de ter aplicado ás contías de 2019 un incremento porcentual igual ao valor medio dos incrementos porcentuais interanuais do IPC dos meses de decembro de 2019 a novembro de 2020, sempre que o valor medio resultante sexa superior ao 0,9 por cento.

3. Para a determinación inicial das pensións de clases pasivas con data de efectos económicos de 2020, os valores consignados no capítulo II do título I do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, incrementaranse segundo o disposto no artigo 1.2.

Disposición adicional única. Suspensión do artigo 58 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, e do artigo 27 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril.

En 2020 a revalorización das pensións realizarase de acordo co establecido no artigo 1 deste real decreto lei, non será de aplicación o disposto nos artigos 58 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, e 27 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado.

Disposición transitoria única. Efectos económicos das disposicións recollidas nesta norma.

A revalorización e o incremento das pensións recollidas nesta norma terán efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2020.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da seguridade social.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións para ditar as disposicións de carácter xeral que resulten necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de xaneiro de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN

ANEXO

Contías de pensións e prestacións públicas aplicables en 2020

I. Complementos por mínimos

1. Contías mínimas das pensións da modalidade contributiva do Sistema da seguridade social para o ano 2020:

Clase de pensión	Titulares		
	Con cónxuxe a cargo - Euros/ano	Sen cónxuxe: unidade económica unipersoal - Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo - Euros/ano
<i>Xubilación</i>			
Titular con sesenta e cinco anos.	11.807,60	9.569,00	9.081,80
Titular menor de sesenta e cinco anos.	11.069,80	8.953,00	8.461,60
Titular con sesenta e cinco anos procedente de grande invalidez.	17.711,40	14.354,20	13.623,40
<i>Incapacidade permanente</i>			
Grande invalidez.	17.711,40	14.354,20	13.623,40
Absoluta.	11.807,60	9.569,00	9.081,80
Total: titular con sesenta e cinco anos.	11.807,60	9.569,00	9.081,80
Total: titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos.	11.069,80	8.953,00	8.461,60
Total: derivada de enfermidade común menor de sesenta anos.	7.054,60	7.054,60	6.993,00
Parcial do réxime de accidentes de traballo: titular con sesenta e cinco anos.	11.807,60	9.569,00	9.081,80
<i>Viuvez</i>			
Titular con cargas familiares.	–	11.069,80	–
Titular con sesenta e cinco anos ou con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100.	–	9.569,00	–
Titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos.	–	8.953,00	–
Titular con menos de sesenta anos.	–	7.249,20	–

Clase de pensión	Euros/ano
<i>Orfandade</i>	
Por beneficiario.	2.924,60
Por beneficiario menor de 18 anos con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100.	5.754,00
Na orfandade absoluta o mínimo incrementarase en 7.249,20 euros/ano distribuídos, se for o caso, entre os beneficiarios.	
<i>Prestación de orfandade</i>	
Un beneficiario.	8.820,00
Varios beneficiarios: repartirase entre o número de beneficiarios 100.	14.868,00
<i>En favor de familiares</i>	
Por beneficiario.	2.924,60

Clase de pensión	Euros/ano
Se non existe viúvo nin orfo pensionistas:	
Un só beneficiario con sesenta e cinco anos.	7.067,20
Un só beneficiario menor de sesenta e cinco anos.	6.661,20
Varios beneficiarios: o mínimo asignado a cada un deles incrementárase no importe que resulte de ratear 4.324,60 euros/ano entre o número de beneficiarios.	

Límite de ingresos para o recoñecemento de complementos económicos por mínimos:

– En 2020:

- Sen cónxuxe a cargo: 7.638,00 euros/ano.
- Con cónxuxe a cargo: 8.909,00 euros/ano.

2. Contías mínimas das pensións de clases pasivas para o ano 2020:

Clase de pensión	Importe		
	Con cónxuxe a cargo – Euros/ano	Sen cónxuxe: unidade económica unipersoal – Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo – Euros/ano
Pensión de xubilación ou retiro.	11.807,60	9.569,00	9.081,80
Pensión de viuvez.		9.569,00	
Pensión familiar distinta da de viuvez, onde N é o número de beneficiarios da pensión ou pensións*.		<u>9.328,20</u> N	

* No suposto de que existan varios beneficiarios, o importe da pensión individual será o resultado de dividir a dita cantidade entre o número de perceptores; queda garantido o mínimo por beneficiario en 208,90 €/mes, ou 411,00 €/mes se é orfo menor de 18 anos e cunha discapacidade igual ou superior ao 65 por 100.

Límite de ingresos para o recoñecemento de complementos económicos para mínimos:

– En 2020: 7.638,00 euros/ano.

II. Contías doutras pensións e prestacións públicas

1. Límite máximo de percepción de pensión pública: 2.683,34 euros/mes ou 37.566,76 euros/ano.

2. Pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez (SOVI):

– Pensións do SOVI non concorrentes: 6.127,80 euros/ano.

– Pensións do SOVI concorrentes con pensións de viuvez dalgún dos réximes do Sistema da seguridade social ou con algunha destas pensións e, ademais, con calquera outra pensión pública de viuvez: 5.947,20 euros/ano.

3. Pensións da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva: 5.538,40 euros/ano.

– Complemento de pensión para o alugamento de vivenda: 525 euros anuais.

4. Prestacións familiares da seguridade social:

– Asignación económica por fillo ou menor a cargo sen discapacidade: 341 euros/ano.

Sen prexuízo do anterior, a contía da asignación económica será en cómputo anual de 588 euros nos casos en que os ingresos sexan inferiores ao límite previsto na seguinte escala:

F = fillos a cargo de beneficiario menores de 18.

N = número de menores de 14 anos no fogar.

M = número de persoas de 14 ou máis anos no fogar.

Integrantes do fogar		Intervalo de ingresos	Asignación íntegra anual
Persoas >=14 anos (M)	Persoas <14 anos (N)		
1	1	4.723,00 ou menos	588 x F
1	2	5.812,00 ou menos	588 x F
1	3	6.902,00 ou menos	588 x F
2	1	6.539,00 ou menos	588 x F
2	2	7.629,00 ou menos	588 x F
2	3	8.718,00 ou menos	588 x F
3	1	8.355,00 ou menos	588 x F
3	2	9.445,00 ou menos	588 x F
3	3	10.534,00 ou menos	588 x F
M	N	$3.633,00 + [(3.633,00 \times 0,5 \times (M-1)) + (3.633,00 \times 0,3 \times N)]$ ou menos	588 x F

– Asignación económica por fillo ou menor a cargo cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento: 1.000,00 euros/ano.

– Asignación económica por fillo a cargo maior de 18 anos con discapacidade:

- Cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento: 4.747,20 euros/ano.
- Cun grao de discapacidade igual ou superior ao 75 por cento e con necesidade de concurso doutra persoa para a realización dos actos esenciais da vida: 7.120,80 euros/ano.

– Prestación por nacemento ou adopción de fillo, en supostos de familias numerosas, monoparentais e de nais con discapacidade, establecida no artigo 357 e cuxa contía se recolle no artigo 358 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social: 1.000,00 euros.

– Límite de ingresos para o recoñecemento das prestacións familiares da seguridade social por fillo ou menor a cargo:

• Contía a que se refire o parágrafo primeiro do artigo 352.1.c) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social (fillos ou menor a cargo sen discapacidade): 12.424,00 euros/ano.

• Contía a que se refire o parágrafo segundo do artigo 352.1.c) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social (familia numerosa): 18.699,00 euros/ano, que se incrementarán en 3.029,00 euros por cada fillo a cargo a partir do cuarto, este incluído.

5. Subsidios económicos do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobados polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro:

– Subsidio de garantía de ingresos mínimos: 149,86 euros/mes.

- Subsidio por axuda de terceira persoa: 58,45 euros/mes.
 - Subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte: 68,10 euros/mes.
6. Pensións asistenciais da Lei 45/1960, do 21 de xullo, e do Real decreto 2620/1981, do 24 de xullo: 149,86 euros/mes.
7. Contía da prestación económica establecida pola Lei 3/2005, do 18 de marzo: 7.507,83 euros/ano.
8. Contía das axudas sociais recoñecidas aos afectados polo VIH ao abeiro do Real decreto lei 9/1993, do 28 de maio: 639,33 euros/mes.

III. Haberes reguladores das pensións de clases pasivas e contías aplicables ás pensións especiais de guerra aplicables en 2020

1. Haberes reguladores para a determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado.

a) Haberes reguladores para a determinación inicial das pensións sinaladas ao abeiro do título I do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado.

– Haberes reguladores para o persoal ingresado nalgún corpo, escala, praza, emprego ou categoría administrativa con posterioridade ao 1 de xaneiro de 1985:

Grupo/Subgrupo EBEP	Haber regulador – Euros/ano
A1	42.184,02
A2	33.199,88
B	29.071,88
C1	25.498,08
C2	20.173,20
E (Lei 30/84) e agrupacións profesionais (EBEP)	17.199,27

– Haberes reguladores para o persoal ingresado con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1985:

ADMINISTRACIÓN CIVIL E MILITAR DO ESTADO

Índice de proporcionalidade	Haber regulador – Euros/ano
10	42.184,02
8	33.199,88
6	25.498,08
4	20.173,20
3	17.199,27

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Índice multiplicador	Haber regulador – Euros/ano
4,75	42.184,02
4,50	42.184,02
4,00	42.184,02
3,50	42.184,02
3,25	42.184,02
3,00	42.184,02
2,50	42.184,02
2,25	33.199,88
2,00	29.071,88
1,50	20.173,20
1,25	17.199,27

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

Corpo	Haber regulador – Euros/ano
Secretario xeral.	42.184,02
De letrados.	42.184,02
Xerente.	42.184,02

CORTES XERAIS

Corpo	Haber regulador – Euros/ano
De letrados.	42.184,02
De arquivistas-bibliotecarios.	42.184,02
De asesores facultativos.	42.184,02
De redactores, taquígrafos e estenotipistas.	42.184,02
Técnico-administrativo.	42.184,02
Administrativo.	25.498,08
De ordenanzas.	20.173,20

b) Haberes reguladores para a determinación inicial das pensións sinaladas ao abeiro do título II do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado.

Haberes reguladores

ADMINISTRACIÓN CIVIL E MILITAR DO ESTADO

Índice de proporcionalidade	Grao	Grao especial	Importe por concepto de soldo e grao en cómputo anual/euros
10 (5,5)	8	–	28.279,11
10 (5,5)	7	–	27.501,91
10 (5,5)	6	–	26.724,74
10 (5,5)	3	–	24.393,12
10	5	–	23.996,29
10	4	–	23.219,14
10	3	–	22.441,95
10	2	–	21.664,69
10	1	–	20.887,50
8	6	–	20.179,01
8	5	–	19.557,39
8	4	–	18.935,71
8	3	–	18.314,05
8	2	–	17.692,42
8	1	–	17.070,75
6	5	–	15.372,71
6	4	–	14.906,60
6	3	–	14.440,58
6	2	–	13.974,44
6	1	(12 por 100)	15.073,41
6	1	–	13.508,33
4	3	–	11.375,06
4	2	(24 por 100)	13.573,25
4	2	–	11.064,25
4	1	(12 por 100)	12.009,07
4	1	–	10.753,42
3	3	–	9.821,58
3	2	–	9.588,50
3	1	–	9.355,46

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Índice multiplicador	Importe por concepto de soldo en cómputo anual/euros
4,75	46.180,60
4,50	43.750,04
4,00	38.888,89
3,50	34.027,78
3,25	31.597,25
3,00	29.166,68
2,50	24.305,56
2,25	21.875,00
2,00	19.444,46
1,50	14.583,34
1,25	12.152,79

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

Corpo	Importe por concepto de soldo en cómputo anual/euros
Secretario xeral.	43.750,04
De letrados.	38.888,89
Xerente.	38.888,89

CORTES XERAIS

Corpo	Importe por concepto de soldo en cómputo anual/euros
De letrados.	25.450,40
De arquivistas-bibliotecarios.	25.450,40
De asesores facultativos.	25.450,40
De redactores, taquígrafos e estenotipistas.	23.371,45
Técnico-administrativo.	23.371,45
Administrativo.	14.075,12
De ordenanzas.	11.133,58

Trienios

ADMINISTRACIÓN CIVIL E MILITAR DO ESTADO

Índice de proporcionalidade	Valor unitario do trienio en cómputo anual/euros
10	913,55
8	730,86
6	548,09
4	365,44
3	274,07

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Índice multiplicador	Valor unitario do trienio en cómputo anual/euros
3,50	1.701,39
3,25	1.579,87
3,00	1.458,34
2,50	1.215,25
2,25	1.095,25
2,00	972,24
1,50	729,17
1,25	607,66

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

Corpo	Valor unitario do trienio en cómputo anual/euros
Secretario xeral.	1.701,39
De letrados.	1.701,39
Xerente.	1.701,39

CORTES XERAIS

Corpo	Valor unitario do trienio en cómputo anual/euros
De letrados.	1.040,62
De arquivistas-bibliotecarios.	1.040,62
De asesores facultativos.	1.040,62
De redactores, taquígrafos e estenotipistas.	1.040,62
Técnico-administrativo.	1.040,62

Corpo	Valor unitario do trienio en cómputo anual/euros
Administrativo.	624,38
De ordenanzas.	416,23

2. Contías aplicables para a determinación inicial das pensións especiais de guerra.

Clase	Importe referido a 12 mensualidades
Pensión de mutilación recoñecida ao abeiro da Lei 35/1980.	5.212,64 euros
Suma de remuneracións básica, substitutoria de trienios e suplementaria en compensación de retribucións non percibidas da Lei 35/1980.	14.058,35 euros
Retribución básica recoñecida ao abeiro da Lei 6/1982.	9.840,84 euros
Pensións recoñecidas ao abeiro do Decreto 670/1976.	6.245,40 euros

A contía das pensións de orfandade en favor de orfos non incapacitados causadas por persoal non funcionario ao abeiro das leis 5/1979, do 18 de setembro, e 35/1980, do 26 de xuño, será de 1.916,40 euros anuais, referido a doce mensualidades.